




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Valdoviño. Parroquia: Santiago de Pantín. Extensión: 0,91 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada, con paredes moi potentes sobre as que se desenvolven vertentes tendentes á horizontalidade cara ao norte e vertentes de pendente moderada ou mesmo notable cara ao sur. Ali, o Monte Burneira incide na mesma liña de cantil. Costa bastante recortada debido á presenza de anfibolitas. Os acantilados evolucionan a base de desprendementos e caídas de bloques cun dinamismo actual moi elevado no sector de Graxal. O retroceso diferencial é moi marcado e de recorte fino, deixando numerosos illotes e farallóns que seguen a estrutura rochosa. O monte Burneira, de 213 m snm, establece un claro peche físico cara ao sudoeste.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade se compón de anfibolita antehercínica, con epidota, calcita, cuarzo e granate. No extremo sueste dúas estreitas bandas de gneis de dúas micas e rochas ultrabásicas serpentinizadas -Complexo de Cabo Ortegal- realizan unha transición, mediante frontes de cabalgamento, cara a rochas metabásicas en facies granulítica e anfibolítica pertencentes ao mesmo Complexo e similar idade, é dicir, precámbrico-cámbrica. No cume do monte Burneira aparece un enclave de metagabros antehercinianos.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ao igual que a vertente oriental de Punta Chirlateira, este sector está influído por un ambiente climático Cálido e Seco: temperatura media anual superior a 15°C (algo inferior na parte alta do Monte Burneira) con valores medios de amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións anuais oscilan entre 800 mm e 1000 mm.

#### OS SOLOS

Litoloxía e topografía definen os tipos de solos. As anfibolitas das vertentes suaves sobre os acantilados conteñen leptosoles líticos. O Monte Burneira, composto por metabasitas, presenta un umbrisol dístico.

#### AS AUGAS

Costa acantilada sen rede fluvial destacable dadas as súas dimensións, morfoloxía e escaso desenvolvemento continental. Entra en contacto coa masa de Augas Costeiras 20119 na vertente oposta á Ría de Cedeira-Enseada do Esteiro.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Toda a unidade, agás a parte alta do Monte Burneira pertence ao LIC Costa Ártabra. Unidade acantilada na que domina o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. O retroceso diferencial, con numerosos escollos, plataformas e depósitos ao pé dos acantilados fai importante o hábitat 1210, Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, por exemplo en Praia do Graxal. Son tamén moi importantes os hábitat de matogueira costeira, en concreto, os do grupo 40 (4030 e 4040) que, dada a litoloxía básica, contén taxons asociados á lista de especies vulnerables protexidas (Crepis novoana). Algunha valgada e rechán das vertentes permite o afloramento da saturación hídrica gran parte do ano, aparecendo prados con herbáceas (6420) e matogueiras húmidas (4020) nas que potencialmente poderían formarse pequenas áreas turfófilas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Unidade que enmarca polo oeste a bocana de entrada á Ría de Cedeira. A cobertura maioritaria corresponde cunha mancha compacta de matogueira propia de vexetación costeira que ocupa o tramo intermedio da unidade, onde a topografía de cumio é plana. No extremo sur, ao pé da ladeira occidental do Monte Burneira aparece unha área de cultivos asociada ao núcleo tradicional de San Xiao, no que se aprecia un pequeno bosque de recolonización de trazado lineal.

#### MORFOLOXÍA

A lixeira suavización da pendente no Monte Burneira permitiu o desenvolvemento dun asentamento de poboación e o seu mosaico agrícola. Trátase dun núcleo rural tradicional de topónimo San Xiao e que presenta un agrupamento aberto de carácter lineal na cota a partir da cal se desenvolven os usos forestais.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na unidade tan só se aprecia unha trama básica de camiños asfaltados que comunican a entidade de San Xiao e a rede de sendeiros vinculados ao parcelario agrario, e co lugar do Bieteiro, e así coa estrada autonómica AC-566 (Viveiro-Ferrol).

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

No extremo norte da unidade aparece inventariado como patrimonio arqueolóxico o asentamento de Punta Castrelo.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Tramo costeiro que a xeito de saliente enmarca a embocadura da ría de Cedeira polo seu flanco oeste, festonado na súa fronte costeira por acantilados de fortes pendentes e unhas vertentes tendentes á horizontalidade. A unidade queda pechada ao sur desta polo Monte Burneira que exerce, á súa vez, de fondo escénico ao conxunto da ría dende a vila de Cedeira.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Está caracterizada pola inestabilidade de diversos sectores de acantilado. Ao sur da unidade, aos pés do monte Burneira o núcleo de San Xiao mantén o carácter de asentamento tradicional vinculado a unha orla de parcelas de policultivo e nos últimos anos por unha maior superficie ocupada polas formacións arbóreas de repoboación.


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A configuración de promontorio rochoso acantilado (completo ao considerar a contigua unidade oriental de Punta Chirlateira Leste) e a súa situación estratéxica na entrada da ría de Cedeira achéganlle valores tanto xeomorfolóxicos, recoñecidos coa súa inclusión no LIC e ZEPVN Costa Artabra; como de identificación para o imaxinario colectivo, que levaron á súa consideración como Espazo de Interese Paisaxístico (O Castelo). O seu cume provisto de matogueira costeira configúrase como un excepcional punto de acceso a panorámicas da ría de Cedeira e do perfil acantilado da Capelada, cara ao norte, e da costa norte de Ferrol, cara ao sudoeste. Por outra banda, a presenza do núcleo tradicional de San Xiao e o seu mosaico agrícola circundante achega unha lectura comprensiva do modelo de organización tradicional no perfil costeiro das Rías Altas.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |                                                                                                                                                                 |                                                                                                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales                                           |
|  Marismas / Marismas                                                         |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas                                                             |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas                                                               |  Viñedos / Viñedos                                                  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados                                                        |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera                                                 |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos                                             |  Artificial / Artificial                                            |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |                                                                                                                                                        |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |                                                                                                                                                        |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |                                                                                             |                                                                                             |                                                                                              |                                                                                               |                                                                                               |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



